



TEÑO UN PROBLEMA II



Despois de ler a historia de Yasmina, que aparece na revista anterior, decidín escribir a miña. Chámome Araceli e estudei maxisterio. Ao terminar a carreira coñecín a Brais. Este acabou sendo o meu mozo. Co paso do tempo gañou o meu amor e casamos. Meses despois tivemos unha discusión:

- ¡Araceli! ¿Onde está a miña camisa azul?
 - Na cadeira.
 - Non está.
 - Púxencha alí
 - Pois non está, ¿Ou non me oes?
 - Non te poñas así, pos outra e xa está.
 - Pero....¿Como me falas así?
 - Brais ¿Que pasa?,¿Discutimos por unha simple camisa?
 - NENA!!! Non fas nada.
 - Teño avaliación na escola, estou sacando a carreira de psicoloxía, coido a túa nai, fago as tarefas da casa....
 - Pero falar coa túa nai ¿que? Se non fas nada
 - Pero se o que está no paro es ti
 - Bla, bla, bla; nin peros nin nada, non escoitas nada, ¿de que vas?
 - ¡BRAIS,XA ABONDA!!!,¿Para

que te casaches comigo?

Pegoume un cachete, saín correndo cara á habitación,despois pediume perdón e arraxamos.

Un tempo despois volve-mos pelexar por outra parvada, e acabou pegándome, pero desta foi tan forte que tiven que dar aviso ao colexio porque non quería que me visen os mouratóns. Pero o conserxe veume ver.

¡PUM! ¡PUM! ¡PUM!

- Ola
 - ¿Porqué viñeches?
 - Pois é que...
 - ¿E eses mouratóns?,¿son golpes?,¿quen che pegou?
 - Ninguén
 Chega Brais
 - ¿Quen é este mona?,¿o teu amante, non si??
 - Como lle volvas tocar...

Comezaron a pelexar, e por riba sae malferido Brais. Convencín a Joel para que marchase, e así foi; despois Brais deume unha tunda.

Ao día seguinte fun traballar e atopeime con Joel:

- ¿Tocouche?
 - Mellor non te metas
 - Tes que denuncialo antes de que te mate
 - ¡NON!,¿Toleaches?,¿E despois que?
 - Eu axudaría
 - ¡NON! e ¡NON!

Na mesma caio redonda Espertei nun hospital e vin a miña nai:

- ¡MAMÁ!
 - ¡FILLA!
 - ¿Onde está Brais?- pregunteille.

- Non quixo vir, segundo el ti fas "paripé". Filliña, este mozo estivo ao teu carón todo o tempo.

- Grazas, Joel, non tiñas por que.

- ¿Como podes vivir con ese monstro?

- ¡CALA!

- ¿De que falades?-miña nai quería saber.

- Vouno denun....

- Cala che digo!!!

Nese intre interrompeunos o doutor:

- Traio boas novas, Araceli está embarazada de dous meses e dúas semanas.

- ¿QUE? ¿ESTÁ SEGURO DOUTOR??

- Si, felicidades!!!, veña, ata loguiño.

Volvín para a casa e un tempo despois tiven o meniño, Xan, e despois volví quedar embarazada de Lucas.Volvín quedar embarazada, pero collín un vicio: a alcoholemia, iso e mais unha nova tunda de Brais provocaron un aborto.

Isto fíxome reflexionar e decidín marchar con Joel levando comigo os nenos.

Marchamos fóra da vila, pero un día:

¡PUM! ¡PUM! ¡PUM!

- ¿TI??-Pregunta abraiado Joel
 - ¿Onde está Araceli??

Era Brais, sacou a navalla e cravouma diante dos nenos.

- ¡NON! -Berra Joel

- ¡MAMÁ! - Berran os nenos

- Matáchesme ¿Poderás cargar con isto??

Joel levou os nenos fóra do país, deulle amor e protección, pagoulle unha carreira a cada un. Mentres o meu viúvo, asasino, foi ao cárcere e alí suicidouse. Polo mundo dos mortos non o vin vagando, estará apodrecendo no inferno.

Din que dos erros se aprende, aprende ti dos meus, ou se nun futuro túa nai é maltratada polo teu pai ou padrasto, FALA, porque será bo para eles dous e para ti.

NON SEXADES TONTAS!!

ADRIANA ESTÉVEZ ROCA, B2B



TEÑO UN PROBLEMA III

Alégrome moito de que a miña historia sexa contada na revista do voso IES xa que estes artigos teñen un propósito: que vós aprendades de nós. Xa lin as historias anteriores e que traxedias ¿non?. Pois eu cóntovos a miña, pero primeiro heime presentar:

Chámome Alexandre, e vivo nunha vila pequena.

Daquelas tiña xa os meus 18 anos, cursaba por segunda vez consecutiva segundo de bacharelato, xa que deixei as suficientes materias e repetín. Dende sempre fun a trancas e barrancas, pero nese curso fun de cu, marcha atrás con carreiriña e todo. Recordo que ía en 2ºB, na miña clase ían os meus colegas e ese bombón polo que todos toleamos.

A rapaza era loura e tiña uns ollos verdes, chamábase Sheila.

Coñecémonos de toda a vida, e un sábado pedínlle para saír e díxome que si. Estivemos saíndo un par de meses. Empecei a fumar, a tomar alcohol, e os estudos...xa non vos digo.

Un sábado á noite emborracheime, Sheila dicía que parase de tomar pero...a cousa non rematou así, senón que empecei a bicala agresivamente o xusto coma para asustala. Leveina á miña casa usando a forza. E alí lembro como lle quítei a roupa, como lle caían as bágoas e a súa voz "¡ALEX, BASTA! ¡POR FAVOR!". Ía ser a nosa primeira vez. Ao estar borracho nin me acordei do condón e ela, co medo, menos. Os momentos que pasamos non o contarei como comprenderedes, e ao finalizar ela estaba máis tranquila.

Co paso dos días, a relación era máis distante, entón quedei con ela e falamos un bo anaco no baño:

- ¿Que pasa, ruliña?

- ¿Cómo que que pasa?

- Pedínche perdón polo do sábado

- ¿Con un perdón resolves todo? Pero iso agora non abonda.

- ¿Usaches...? ¿iso?

- ¿Condón? Non me lembro, pero creo que non, porque sempre levo un na carteira e sigo tendo.

- ¿E SE CHEGO A TER UNHA ENFERMIDADE? ¿QUE FAGO?

- ¿Tes sida?

- ¡NON!, pero...

- ¡Logo?

- Teño un retraso de 3 semanas e xa é preocupante.

- ¡DEUS! Está ben, estarei ó teu lado sempre.

- Non sei que facer nin a quen acudir.

- Mercareiche dous test de embarazo.

- ¿Dous?

- Para estarmos seguros, recóllote ao saír das clases, ruliña.

Eu aínda non quería facerme á idea. Comprei dous test na vila do lado, alí non me coñecen. Fun buscar a Sheila e fomos á súa casa. ¡MERDA! OS DOUS DERON POSITIVO.

- Cando se decaten meus pais...

- Ruliña, falamos os dous con eles.

Falei con seus pais e pensei que se volvían tolos. Despois cos meus... xa o imaxinas.

No instituto xa o sabía todo o mundo porque cando falei con Sheila no baño non estábamos sós precisamente..

Tivemos que casar, e ao meniño púxenlle Ramón, igual que o meu sogro.

Pero isto non acaba aquí, senón que acabamos divorciados, levou o neno e convive cun home que a respecta e valora.

Existen métodos anticonceptivos para embara-



zos non desexados; aínda que Ramonciño é a miña vida e o que me queda. Grazas á miña irresponsabilidade estou na taberna, coa miña cervexa, un lapis e un papel; pero estou só.

¿Que lle direi ao meu fillo cando me pregunte como foi a miña primeira vez?.

As tres historias que se contan ao longo do número da intres non se refiren a ninguén en especial, son contos imaxinarios que ocorren na actualidade.

Se tedes un problema ou algunha dúbida de calquera tema, os vosos pais son os vosos mellores profesores da vida, os que mellor vos poden responder.

Á fin e ao cabo eles pasaron pola nosa idade e enténdennos, aínda que nos leven a contraria. E se nos leven a contraria será por algo, e se tedes razón, explicádelles as razóns e todo se arranxará.

Eles non saben o log 24 ou en que ano comezou a Segunda República pero...¿quen nos vai guiar mellor na vida? E non teñades vergonza por falar de sexo, senón que terminaredes nunha confianza e complicidade increíble.

AH!!!!, un pequeno consello, non reveledes segredos nos baños porque sempre hai alguén escoitando.

Un bico, rapacelas.

ADRIANA ESTÉVEZ ROCA, B2B